



PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 27-09-2022, ditou a resolución con número 2884/2022 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe de Admitidos/as e nomeamento do tribunal do proceso selectivo para a contratación de duración determinada a tempo parcial de persoal docente para impartir a ensinanza musical de Acordeón no Conservatorio Profesional de Musica do Concello de Carballo e creación dunha bolsa de coberturas temporais para prazas da mesma disciplina musical (2022/E001/000003)

Por Resolución de Alcaldía 2621/2022 de data 05/09/2022 , aprobáronse as Bases e convocatoria do proceso selectivo para a contratación de duración determinada a tempo parcial de persoal docente para impartir a ensinanza musical de Acordeón no Conservatorio Profesional de Musica do Concello de Carballo.

O prazo de presentación de solicitudes foi de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (*BOP núm. 172 de 09/09/22*).

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, e de conformidade co establecido na Base 4ª da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), ao non existir aspirantes excluídos/as e en uso das competencias legalmente atribuídas, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a Listaxe Definitiva de aspirantes admitidos/as (*Anexo I*) no proceso selectivo para a contratación de duración determinada a tempo parcial de persoal docente para impartir a ensinanza musical de Acordeón no Conservatorio Profesional de Musica do Concello de Carballo.

Segundo.- Designar o tribunal cualificador previsto na Base quinta da convocatoria que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

- Titular: **D. Mario Seoane Blanco**, profesor de harmonía, análise, fundamentos de composición e gaita do Conservatorio Profesional de Música de Carballo e profesor do Conservatorio Superior de Música de Coruña.
- Suplente: **D. Arturo Centelles Fabado**, profesor de trombón do Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

Vogais:

- Titular 1º : **D. Julio Cabo Messeguer**, profesor de Fruta do Conservatorio Superior de Música de Coruña.
Suplente 1º: Dª. Mª Paz Pita Vázquez, catedrática de Composición do Conservatorio Superior da Coruña.
- Titular 2º : **D. Manuel Rosende Sanjurjo**, profesor de Piano e Acordeón do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo.
Suplente 2º : D. Narciso Pillo Guerreiro Profesor de Saxofón no Conservatorio Superior da Coruña
- Titular 3º : Dª. Lorena Rey Paulos, funcionaria do Concello de Carballo
Suplente 3º: Dª Susana Mariño Lorenzo Técnica de Administración xeral do Concello de Carballo.

Secretaria/o:

- **Titular: D^a. M^a Luz Fernández Sandá**, funcionaria do Concello de Carballo.
Suplente: D^a. Nuria Cortés Bernardes, funcionaria do Concello de Carballo.

Os membros da Comisión de Avaliación poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público

Terceiro.- Convocar a todos os membros da comisión de avaliación para a **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **venres día 30/09/2022**, as **09:15 horas**, no Pazo da Cultura do Concello sito na Rúa Pan, s/n de Carballo.

Cuarto.- Convocar aos aspirantes admitidos/as para a celebración do exercicio da **fase de oposición** que terá lugar o **venres 30/09/2022**, as **10:00 horas**, no Pazo da Cultura do Concello sito na Rúa Pan, S/n de Carballo.

Quinto.- Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, e con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.org.

ANEXO I: Listaxe definitivo de Admitidos/as do proceso selectivo para a contratación temporal dun/ha profesor/a de Acordeón e confección dunha listaxe de substitucións de persoal docente para impartir dita ensinanza musical no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Carballo.

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	GARCIA CASTRO ANTONIO JOSE	***2571**

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto